



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

## ACORDOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración específico entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Xunta de Galicia, a través das Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Innovación e Industria, para o desenvolvemento do protocolo xeral relativo ao Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (Programa I3 2006)

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para que, na concesión dun aval subsidiario a T-Solar Global, S.A., se poidan establecer condicións especiais de subsidiariedade.
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a conceder unha subvención superior a 3 millóns de euros ao proxecto de investimento a realizar pola sociedade T-Solar Global, S.A., ao abeiro da resolución do 11 de marzo de 2005 pola que se aproba a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas do Igape a proxectos empresariais de investimento.

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da área loxística e intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos (Lugo)

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual que se deriva do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Comité Español de los Colegios del Mundo Unido, para a concesión dunha bolsa a un estudante galego para a realización de estudo de bacharelato internacional durante o bienio 2007-2009

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual que se deriva do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón, durante o ano 2007

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia (OVINA) para a implantación dun programa de desenvolvemento de aproveitamento silvopastoril en montes veciñais en man común e superficies agrarias abandonadas
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a adquisición de vinte todoterreo (motobombas) para a loita contra os incendios forestais.

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se aproba a declaración do proxecto sectorial como de incidencia supramunicipal de ampliación dunha granxa integral de cultivo de peixes planos en Quilmas, Carnota (A Coruña)
- Acordo polo que se aproba a declaración do proxecto sectorial como incidencia supramunicipal de construción dunha granxa integral de cultivo de peixes planos en Costa Galloufa, Porto do Son (A Coruña)

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Fisterra, para a execución das obras: actuacións de saneamento na Comunidade Autónoma. Estación depuradora de augas residuais de Fisterra (A Coruña), polo importe dun millón trescentos sesenta e seis mil novecentos vinte e tres euros e vinte e un céntimos (1.366.923,21 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Arzúa para a execución das obras: actuacións de saneamento na Comunidade Autónoma. Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Arzúa (A Coruña), polo importe de dous millóns novecentos noventa e nove mil seiscentos setenta euros e corenta e nove céntimos (2.999.670,49 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilalba para a execución das obras: actuacións de abastecemento na Comunidade Autónoma. Nova impulsión e estación de tratamento de auga potable

en Vilalba (Lugo), polo importe de novecentos mil setecentos setenta e nove euros e sesenta e cinco céntimos (900.779,65 €)

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións no momento da súa concesión, na orde de convocatoria para o ano 2007, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do Plan FIP.

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a aprobación definitiva do proxecto sectorial e do correspondente proxecto de urbanización do Parque empresarial de As Gándaras
- Acordo polo que se autoriza a aprobación definitiva do proxecto sectorial do Parque de reserva empresarial de Begonte
- Acordo polo que se autoriza a aprobación definitiva do proxecto sectorial do parque empresarial de Landrove (Viveiro)

## INFORMES

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta das obras de emerxencia desenvolvidas nas distintas estradas da provincia de Pontevedra afectadas polas choivas de outubro e novembro, por un importe de 2,9 millóns de euros

## XUNTA E MINISTERIO DE EDUCACIÓN COLABORAN, CON MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS, NUN PROGRAMA PARA INTENSIFICAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA NA UNIVERSIDADE

- O Consello da Xunta autorizou o convenio de colaboración entre os dous departamentos para o desenvolvemento do Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora (Programa I3)
- A Consellería de Educación promoverá o financiamento de axudas para a intensificación da actividade investigadora
- Incentivarase a captación e incorporación estable de profesores-investigadores españois e estranxeiros cunha traxectoria destacada

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración específico entre o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a Xunta de Galicia, para o desenvolvemento do Protocolo Xeral relativo ao Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora (Programa I3) para o ano 2006. Este convenio estará vixente para as incorporacións do ano 2006 e a compromisos adquiridos con carácter plurianual para os anos 2007 e 2008.

En virtude deste acordo, a contribución do MEC ascende a 1.660.000 euros, de acordo coa seguinte distribución: 360.000 euros serán transferidos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria entre 2007 e 2008, correspondentes ao financiamento de axudas para a intensificación da actividade investigadora; e outros 1.300.000 euros serán achegados á Consellería de Innovación e Industria e repartiranse equitativamente nas dúas anualidades. O importe transferido á Consellería de Innovación e Industria irá destinado a incentivar a captación e incorporación estable de profesores-investigadores españois e estranxeiros, cunha traxectoria investigadora destacada. Esta contía corresponde ao financiamento de 10 postos de traballo de primeiro nivel, pola contía equivalente ás retribucións dun profesor/a titular da universidade.

Ademais, a contribución da Xunta de Galicia para o ano 2007 ascende a 400.000 euros, que se destinarán ao financiamento do Programa de Promoción da Intensificación da actividade investigadora no Sistema Universitario de Galicia (SUG). Esta achega efectuarase con cargo á partida económica do orzamento da Administración educativa galega do ano 2007.

De acordo co programa de Promoción de Intensificación da actividade investigadora no SUG, as axudas convocadas pola Consellería de Educación terán como principal obxectivo intensificar a actividade investigadora dos grupos de investigación do SUG, para os efectos de maximizar a súa capacidade produtiva científica e tecnolóxica, financiando con este obxectivo accións de estímulo ás actividades de investigación de calidade dos profesores-investigadores do SUG e dos grupos de investigación a que

están asociados. Neste curso 2006/2007 convocaranse un total de 20 axudas enmarcadas na liña de intensificación deste programa, que serán prorrogables por tres anos.

Neste senso, incentivarase o incremento da dedicación á actividade de investigación, favorecendo que os profesores-investigadores poidan dedicarse prioritariamente á función de investigación na súa universidade ou en centros de I+D, segundo os requisitos establecidos no programa. Así, para o desenvolvemento desta liña de actuación, e co fin de garantir que a docencia minorada se imparta con calidade, proporcionarase ás universidades e, se é o caso, a outros centros de I+D, os correspondentes recursos.

## O CONSELLO APROBA O APOIO DA XUNTA AO PROXECTO DE T-SOLAR GLOBAL, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 75 MILLÓNS DE EUROS E PRETO DE 200 EMPREGOS EN GALICIA

- O proxecto, novidoso en Europa, contará cunha subvención do Igape de 5,84 millóns de euros un aval de 10 millóns de euros
- Xesgalicia participará tamén cun 29% do capital nesta iniciativa empresarial

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a concesión dun aval financeiro á empresa de fabricación de paneis solares foltovotaicos, T-SOLAR GLOBAL, S.A. por un importe total de dez millóns de euros. Este aval constitúe o 50% dun préstamo de 20 millóns de euros no que participan as dúas caixas de aforro galegas. Así mesmo, durante a súa reunión desta maña, autorizouse a concesión por parte da Consellería de Economía e Facenda, a través do Igape, dunha subvención de 5,84 millóns de euros destinada a apoiar e financiar o proxecto empresarial de T-GLOBAL SOLAR. A Xunta aprobou este financiamento despois de que esta operación obtivese a declaración de programa de especial interese económico para Galicia.

A achega da Xunta a este novidoso proxecto tecnolóxicamente avanzado foi aprobada previamente pola Comisión Delegada para Asuntos Económicos e complétase coa participación da xestora de capital risco Xesgalicia no accionariado co 29% do capital.

T-SOLAR GLOBAL é un proxecto empresarial promovido por un grupo investidor encabezado por Marcial e Antonio Portela Álvarez, cun 15% do capital, e polo grupo Isolux Corsan que ten o 50% da nova sociedade. T-SOLAR GLOBAL instalará en Galicia unha planta de fabricación de paneis solares fotovoltaicos de película fina de silicio amorfo sobre sustrato de cristal que se ubicará no Parque Tecnolóxico de Galicia, no Concello de San Cibrao das Viñas (Ourense). Este proxecto suporá un investimento de 75 millóns de euros e a creación de perto de 200 empregos, que en gran parte son de alta cualificación.

A instalación de T-SOLAR GLOBAL en Galicia supón a primeira vez que chega a Europa esta novidosa tecnoloxía de fabricación de paneis solares e sitúa a nosa Comunidade entre a grupo de grandes produtores de paneis solares. Esta iniciativa trae consigo numerosas vantaxes para Galicia; por un lado, terá un efecto dinamizador sobre a economía da zona, posto que para o desenvolvemento da súa actividade necesitará de empresas auxiliares e de servizos, promovendo o xurdimento de novas iniciativas empresariais e consolidando as xa existentes; e por outro lado, contribuirá á diversificación e ampliación do sector galego das enerxías renovables, facendo del, un sector estratéxico para a o desenvolvemento e consolidación do tecido industrial galego.

## APROBADO DEFINITIVAMENTE O PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO PORTO SECO DE MONFORTE

- Declara de utilidade pública e o interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidades dos bens e dereitos necesarios para poder emprender ditas obras

O Consello da Xunta aprobou hoxe de xeito definitivo o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da área loxística e intermodal do porto seco de Monforte de Lemos, en Lugo.

Así mesmo, declarou a utilidade pública e o interese social das obras, instalacións e servizos previstos así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios para poder emprender as ditas obras. A aprobación definitiva do citado proxecto sectorial leva aparelado que as obras non estarán suxeitas á licenza urbanística municipal, o que axilizará a súa posta en marcha.

O proxecto sectorial ten por obxecto regular a implantación da plataforma loxística e intermodal do Porto Seco de Monforte, que se localizará sobre unhas 30 hectáreas de terreo.

Cómpre salientar que as instalacións do porto seco estarán destinadas a actividades económicas secundarias e terciarias de interese público e utilidade social, polo que a súa incidencia transcende do termo municipal en que se localiza, que neste caso é o concello de Monforte.

A figura dos denominados portos secos naceu como unha alternativa de espazo para a manipulación, clasificación, control e distribución de contedores e outras mercadorías, que complementa os ámbitos portuarios. A conexión por ferrocarril (medio de que Monforte é un importante nó de comunicacións) permite o movemento desde os portos, ou cara eles, de mercadorías. Ademais, os portos secos dispoñen de plataformas loxísticas para facer transbordos de mercadorías co transporte por estrada.

## EDUCACIÓN COLABORA COA FUNDACIÓN COMITÉ ESPAÑOL DOS COLEXIOS DO MUNDO UNIDO FINANCIANDO UNHA BOLSA DE ESTUDOS DE BACHARELATO INTERNACIONAL

- A Administración educativa autonómica achegará 45.000 euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual que se deriva do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e a Fundación Comité Español dos Colexios do Mundo Unido, para a concesión dunha bolsa a un estudante galego para a realización de estudos de bacharelato internacional durante o bienio académico 2007-2009. En virtude deste convenio, a Administración educativa galega achegará un total de 45.000 euros, distribuídos nas seguintes anualidades: 7.500 euros en 2007; 22.500 euros en 2008; e 15.000 euros en 2009.

Pola súa banda, a Fundación destinará a achega da Xunta de Galicia á dotación dunha bolsa a un colexio pertencente á asociación mundial Colexios do Mundo Unido – United World Colleges, nas seguintes condicións mínimas: a bolsa comprenderá os gastos de escolaridade, aloxamento, manutención e de xestión; os estudos financiados serán os correspondentes ao bacharelato internacional, validables en España; e a selección do bolseiro realizaraa a propia Fundación de conformidade cos procedementos ordinarios de concesión de bolsas, debendo recaer nun estudante galego.

A Fundación Comité Español dos Colexios do Mundo Unido constitúese baixo o alto padroado das SS.MM. os Reis de España e a Presidencia da S.A.R. Don Carlos de Borbón, Infante de España. A súa finalidade é promover o entendemento internacional posibilitando o acceso de alumnos españois, e réxime bolseiro, aos Colexios do Mundo Unido pertencentes á organización internacional do mesmo nome, que teñen como misión dar aos mozos de todo o mundo unha educación internacional con respecto aos ideais de paz, xustiza, tolerancia e solidariedade.

Esta fundación convoca todos os anos un concurso para a adxudicación de bolsas para a realización de estudos de bacharelato internacional nalgún dos colexios pertencentes a esta organización mundial. Estes estudos son validables en España e van dirixidos a alumnos que estean cursando 4º de educación secundaria obrigatoria (ESO) e 1º de bacharelato. Desde o ano 1995 foron trece os alumnos que se beneficiaron desta colaboración mutua, e favoreceron que Galicia e España estean presentes na representación das distintas culturas nos colexios.



## A XUNTA CONTRIBÚE CON CASE 500.000 EUROS A FINANCIAR O IES RAFAEL PUGA RAMÓN DA CORUÑA

O Consello da Xunta autorizou o compromiso que se deriva do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do Instituto de Educación Secundaria (IES) Rafael Puga Ramón durante o ano 2007. Este centro docente é dependente da Deputación Provincial da Coruña, órgano encargado da súa xestión.

Segundo este acordo, a Administración educativa galega achegará 490.097 euros para o funcionamento deste centro na anualidade de 2007, e o importe distribuirase en tres cuatrimestres do seguinte xeito: 163.365 euros para o primeiro cuatrimestre do ano 2007; 163.366 para o segundo; e outros 163.366 euros para o terceiro cuatrimestre.

Mediante a formalización deste convenio mantense a subvención que se viña outorgando ata a actualidade a este centro docente, co obxecto de cubrir o servizo público que presta aos alumnos escolarizados nel. Este convenio renóvase por anos naturais por acordo expreso das partes, mediante a formalización da correspondente addenda.

## MEDIO RURAL DESTINA 100.000 EUROS A UN PROGRAMA DE APROVEITAMENTO SILVOPASTORIL EN MONTES VECIÑAIS E EN SUPERFICIES AGRARIAS ABANDONADAS

- O obxectivo é incrementar o emprego na actividade agraria e mellorar a calidade das producións agrarias
- Con esta medida preténdese poñer en valor os montes veciñais

A Consellería do Medio Rural asinará un convenio de colaboración coa Asociación de Criadores de Ovino e Caprino (Ovica) para a implantación dun programa de desenvolvemento de aproveitamentos silvopastorís en montes veciñais en man común e en superficies agrarias abandonadas, dotado cunha achega económica de 100.000 euros, segundo acordou o Consello da Xunta.

Mediante a sinatura deste convenio, establecerase un marco de colaboración con Ovica, destinado a realizar un programa experimental de implantación de explotacións silvopastorís en réxime extensivo en montes veciñais en man común e noutras superficies con vocación agraria abandonadas, co obxectivo de incrementar o emprego na actividade agraria e mellorar a calidade das producións gandeiras. Nesta liña, Medio Rural ten como obxectivo favorecer a incorporación de mozos á actividade agraria, fomentar a sustentabilidade das producións agrogandeiras e ordenar o territorio a través do aproveitamento racional da superficie infrautilizada, dado que redundará nunha mellora económica xeral do sector agrario en beneficio da sociedade.

Con esta medida preténdese poñer en valor os montes veciñais que poden constituír unha fonte de riqueza e de aproveitamento multifuncional que beneficie ao tempo os propietarios dos terreos como a persoas que desexan incorporarse á actividade agraria, á vez que permite incrementar as producións agrogandeiras de calidade e potenciar outros valores do medio rural como a conservación da paisaxe e da natureza dun xeito compatible co desenvolvemento sustentable.

O programa consistirá en identificar zonas aptas para o desenvolvemento de explotacións gandeiras en réxime extensivo, que contén cunha base territorial para o pastoreo e en prestar apoio técnico para promover o aproveitamento silvopastoril en montes veciñais en man común e outras superficies de aptitude agraria en estado de abandono. Ademais, realizaranse accións formativas para os gandeiros de ovino e caprino sobre a aplicación de técnicas de manexo dos rabaños en réxime extensivo para a mellora da calidade das producións cárnicas, o incremento do benestar dos animais e o uso dos recursos naturais. Difundirase e favorecerase o intercambio de experiencias de implantación de explotacións gandeiras en réxime extensivo entre os seus asociados e, en xeral, entre os interesados en incorporarse á actividade agrogandeira.

Pola súa dimensión, as comunidades de montes serían óptimas para acoller unidades de produción viables, xestionadas por persoas que desexen incorporarse á actividade agraria, xa que moitos deles ocupan grandes superficies nas zonas de maior abandono, regresión demográfica e incendios forestais e representan a base territorial idónea para iniciar proxectos deste tipo, xa que o silvopastoreo pode ser un instrumento eficaz e rendible para xestionar boa parte dos recursos vexetais espontáneos ao compatibilizar a produción gandeira e forestal.

## A XUNTA ADQUIRE 20 MOTOBOMBAS PARA MODERNIZAR A FROTA DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

- Esta forma parte do Plan de modernización do servizo de defensa contra os incendios forestais

A Consellería do Medio Rural investirá 3,2 millóns de euros na compra de 20 vehículos motobomba, segundo o expediente que acordou tramitar o Consello da Xunta. Con esta adquisición, que forma parte do Plan de modernización do servizo de defensa contra os incendios forestais, estes todoterreos serán equipados para cubrir alarmas incendiarias, co obxectivo de dotar o dispositivo de recursos necesarios para desenvolver de forma urxente a extinción de lumes.

Estes todoterreos estarán equipados cunha cisterna de 4.000 litros de capacidade útil, cunha bomba combinada de alta e baixa presión, potencia mínima de 200 CV e rodas xemelgas no eixe traseiro. Estas condicións permitirán obter unha óptima mobilidade no monte, eficacia nos labores de extinción e seguranza para os seus usuarios.

Dado que os vehículos transitarán por pistas forestais e terreos difíciles, posuirán características que lles permitan mobilidade e acceso nas zonas de abundante vexetación, xunto con condicións de robustez, potencia, manobrabilidade, estabilidade, seguranza, facilidade de manexo e mantemento, ademais de asegurar o rendemento da unidade. Todos os elementos do vehículo estarán distribuídos ou protexidos de tal maneira que non poidan danarse nin arrincarse accidentalmente pola contacto con pólas ou outros obstáculos ao circular polo monte.

Os vehículos levarán instalado un equipamento de radiocomunicación móbil homologado, sistema de mans libres, altofalante xunto ao cadro de mandos da bomba e sistema de posicionamento global (GPS) con preinstalación para sistema de rexistro de datos para realizar o seguimento da frota, control de combustible e tempo efectivo de traballo da unidade, entre outras especificacións.

Realizaranse, ademais, catro cursos teórico-prácticos de 15 horas lectivas dirixidos ao persoal que manexa os vehículos de incendios da Consellería do Medio Rural para impartir coñecementos necesarios sobre o funcionamento das bombas e a mecánica e electrónica do vehículo.

## O CONSELLO DA XUNTA DÁ O SEU VISTO BO AO PROXECTO DE ACORDO POLO QUE SE APROBA A DECLARACIÓN DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DOS PROXECTOS DE STOLT SEA FARM EN CARNOTA E PORTO DO SON

- Trátase dunha ampliación e a construción dunha nova nave en Quilmas e Costa Galloufa, respectivamente, e que son as alternativas aos seus proxectos en Punta do Corno (Camariñas) e Corrubedo
- A revisión do Plan Sectorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria que están a levar a cabo as consellerías de Pesca, Política Territorial e Medio Ambiente ten como obxectivo compatibilizar o desenvolvemento da acuicultura coa protección da natureza
- Segundo as previsións da empresa, as novas instalacións crearán un total de 180 postos de traballo e terán unha produción estimada de 4.000 peixes planos ao ano
- As actuacións terán un investimento de máis de 75 millóns de euros

O Consello do Goberno galego deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de acordo polo que se aproba a declaración de incidencia supramunicipal dos dous proxectos sectoriais, presentados por Stolt Sea Farm, para a ampliación dunha granxa integral de cultivo de peixes planos en Quilmas (Carnota) e a construción doutra en Costa Galloufa (Porto do Son). Trátase do primeiro paso administrativo para que boten a andar estas iniciativas, que serán puntualmente revisadas polas consellerías competentes ata chegar á súa aprobación final. A primeira destas actuacións conta cun investimento que supera os 36,7 millóns de euros e pretende ampliar nuns 105.500 metros cadrados as actuais instalacións da compañía nesta localidade coruñesa, mentres que a segunda das iniciativas conta cunha partida orzamentaria de máis de 38,4 millóns de euros e terá unha superficie de 198.700 metros cadrados aproximadamente, segundo a documentación presentada pola empresa. Estas dúas infraestruturas xenerarían 182 postos de traballo, segundo indicou a compañía nos seus proxectos, así como unha produción estimada de 4.000 toneladas de peixes planos ao ano.

A empresa Stolt Sea Farm tiña presentado dous proxectos sectoriais, ao amparo do anterior Plan de Parques de Tecnoloxía Alimentaria, para ampliar a granxa mariña que ten en Punta do Corno (Camariñas) e para a nova construción dunha planta en Corrubedo. Debido a que estes proxectos prevían a instalación de infraestruturas en terreos catalogados como Rede Natura 2000 ou en espazos de alto valor paisaxístico, a empresa accedeu a presentar como alternativas dous proxectos sectoriais novos, un para ampliar a súa factoría en Quilmas e outro para construír unha nova planta en Costa Galloufa, atendendo deste xeito á proposta realizada dende a Xunta de Galicia.

#### A revisión do Plan

A revisión e modificación do Plan de Parques de Tecnoloxía Alimentaria aprobado polo anterior goberno galego foi anunciada pola Conselleira de Pesca o pasado día 16 de maio nunha xuntanza mantida co sector e recibía o visto bo do Consello da Xunta o 22 de xuño. Esta revisión vén motivada pola inclusión no plan do PPdG de alomenos nove proxectos ubicados en Rede Natura. De feito, o principal obxectivo desta reestruturación que están a levar a cabo as consellerías de Pesca, Política Territorial e Medio Ambiente, é a procura de espazos non protexidos por figuras ambientais para o desenvolvemento dunha actividade económica como a acuícola, considerada estratéxica para Galicia.

Co novo Plan de Acuicultura de Galicia perséguese compatibilizar e harmonizar o desenvolvemento da acuicultura coa conservación e protección da natureza, ademais de dotar ao plan dunha maior seguridade xurídica para as inversións das empresas en Galicia. Para a busca e a consecución destes obxectivos foi necesario un replantexamento de todas aquelas ubicacións que se proxectaban en Rede Natura, ofrecéndolles aos empresarios alternativas para que puidesen levar adiante os seus proxectos na nosa comunidade.

## MEDIO AMBIENTE INVISTE 4,3 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE DEPURADORAS NOS CONCELLOS DE ARZÚA E FISTERRA

- A administración hidráulica destina 3 millóns á execución dunha Edar e unha rede de colectores en Arzúa
- A nova depuradora de Fisterra suporá un investimento de 1,3 millóns de euros

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible emprenderá importantes melloras nas redes de saneamento nos concellos coruñeses de Arzúa e Fisterra, polo importe de 4,3 millóns de euros. Os proxectos, aprobados hoxe no consello da Xunta, consisten na construción dun colector e unha estación de augas residuais (Edar) en Arzúa e dunha depuradora en Fisterra.

Ambas as actuacións serán financiadas na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), e faranse efectivas entre este ano e o 2009. A contía económica destinarase á redacción dos proxectos, á execución das obras e a explotación das novas infraestruturas durante un período de dous anos.

### Arzúa

Este proxecto consiste na construción dun colector xeral e dunha depuradora, deseñada para atender as necesidades dunha poboación de 6.000 habitantes, coa cal se solucionarán os problemas de saneamento do núcleo urbano de Arzúa. A actuación supón un investimento de 2.999.670 euros por parte da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh)

### Fisterra

Pola súa banda, a depuradora de Fisterra contará cun orzamento de 1.366.923,21 euros por parte da administración hidráulica ata 2009. O investimento distribuirase en dous períodos: 1 ano para a execución das obras e outro para a explotación da nova infraestrutura, igual que o caso anterior.

O proxecto, aprobado no consello hoxe, contempla a construción de dúas estacións de bombeo, situadas na explanada do porto e en San Roque para recoller os vertidos e conducilos á nova depuradora. A infraestrutura que se vai construír cubrirá, respectivamente, as necesidades de saneamento dunha poboación de 4.000 habitantes.

## AUGAS DE GALICIA AMPLIARÁ E MELLORARÁ A REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE VILALBA (LUGO)

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible vai investir preto de 1 millón de euros na mellora do servizo de subministración de auga do concello lucense de Vilalba entre este e o vindeiro ano. A actuación foi aprobada hoxe polo consello da Xunta e consistirá na ampliación da rede de abastecemento e a construción dunha nova impulsión e unha estación de tratamento de auga potable (Etap).

O proxecto conta cun prazo de execución de 17 meses e suporá un investimento de 900.779 euros por parte do organismo Augas de Galicia, entidade adscrita á Consellería de Medio Ambiente.

A administración hidráulica financiará a totalidade do proxecto, co que se resolverán as carencias con que conta a actual rede de abastecemento da vila lucense, tales como a falla de caudal da auga tratada, deterioramento de conducións e a carencia de capacidade de almacenamento da subministración.

O proxecto de mellora dos servizos contempla a construción dunha nova impulsión desde a captación de Cañotas no río Magdalena ata a Estación de Tratamento de Auga Potable (Etap) e conexión coas traídas de Laxoso e Cañotas. Así mesmo, a realizarase unha nova Etap e a conexión de auga depurada cos depósitos de Picouto.



## A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 61 MILLÓNS DE EUROS NA POSTA EN MARCHA DE PROGRAMAS DE ESCOLAS OBRADOIRO E CASAS DE OFICIO, OBRADOIROS DE EMPREGO E UNIDADES DE PROMOCIÓN

- Estas actuacións desenvolveranse nos próximos tres anos
- Unha das novidades desta convocatoria é a implantación dun módulo de sensibilización en igualdade de xénero
- A finalidade é a mellora da empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas, mediante a realización de obras ou servizos de interese xeral e social

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas e casas de oficio, obradoiros de emprego e unidades de promoción. Para a posta en marcha destas iniciativas, que se desenvolverán ata o ano 2009, Traballo dedicará unha partida orzamentaria de máis de 61 millóns de euros.

Unha das novidades desta convocatoria consiste na introdución dentro da formación dos alumnos e alumnas dun módulo de sensibilización en igualdade de xénero.

Continuando coa liña iniciada en 2006 e en coherencia co acordo sobre Obxectivos e Medidas de Emprego de Galicia suscrito no seo do Diálogo Social, manteranse criterios obxectivos para a distribución territorial dos fondos e estableceranse as porcentaxes indicativas dos colectivos prioritarios de beneficiarios e beneficiarias das políticas activas de emprego.

A finalidade destas actividades é a mellora da empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas, mediante a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. Deste xeito, posibilitase ao alumnado traballador a realización dun traballo que lle reporte cualificación profesional e favoreza a súa inserción laboral.

Os beneficiarios dos programas de formación-emprego son os mozos e mozas inscritos no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego, menores de 25 anos no caso das escolas obradoiro e casas de oficios, ou maiores de 25 anos no caso dos obradoiros de emprego. Por outro lado, as mulleres representarán un total do 64% dos beneficiarios, as persoas demandantes de primeiro emprego serán un 15%, do cal o 77% serán mulleres, mentres que as persoas paradas de longa duración suporán un 42% dos beneficiarios (un 70% mulleres).

Canto aos beneficiarios das subvencións, os proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego poderán ser promovidos por organismos autónomos e entes públicos da nosa Comunidade ou do Estado, entidades locais, consorcios e

universidades, así como fundacións, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro.

As entidades que desexen promover un proxecto mixto de formación-emprego deberán presentar as súas propostas nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo antes do 15 de xullo.

#### Escolas obradoiro e casas de oficios

As escolas obradoiro son unidades de carácter temporal en que a aprendizaxe e a formación se alternan cun traballo produtivo en actividades relacionadas coa recuperación ou promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural. Por outra banda, as casas de oficios son centros de aprendizaxe e de animación do emprego xuvenil de carácter temporal, con implantación principalmente nos núcleos urbanos. A aprendizaxe e cualificación alérganse cun traballo produtivo en actividades relacionadas co mantemento e coidado de contornos urbanos ou do ambiente.

#### Obradoiros de emprego

Outras das modalidades dos programas de formación-emprego son os obradoiros de emprego. Estes proxectos mixtos combinan accións de formación e emprego dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas maiores de 25 anos coa finalidade de facilitar a súa posterior integración no mercado de traballo.

#### Unidades de promoción

As unidades de promoción e desenvolvemento son módulos de intervención en ámbitos territoriais supramunicipais. Entre as súas funcións destaca a súa colaboración na preparación, acompañamento e avaliación dos proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, ademais de traballar na posta en valor das potencialidades de desenvolvemento e emprego do seu territorio.

## A CONSELLERÍA DE VIVENDA APROBA O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DAS GÁNDARAS-LUGO, QUE ESTARÁ FINALIZADO A FINAIS DE 2008

- O cronograma previsto pretende licitar a contratación do movemento de terras en abril de 2007 e que as parcelas estén listas no último trimestres de 2008
- A Consellería espera poder asinar un convenio co Concello de Lugo nas próximas semanas unha vez que os terreos de Defensa sexan de titularidade municipal
- O parque conta cun investimento de 75 millóns de euros

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe o proxecto sectorial do parque empresarial das Gándaras, Lugo. Efectuado este último paso da tramitación, a Consellería mantén os prazos previstos polo que poderá licitar o movemento de terras en abril de 2007. Estes traballos son previos ao inicio en xullo das obras de urbanización das parcelas que estarán listas para entregar ás empresas no último trimestre de 2008.

A Consellería de Vivenda e Solo espera poder asinar nas próximas semanas un convenio de permuta co Concello de Lugo para o desenvolvemento deste parque, unha vez que os terreos de Defensa, sexan de titularidade municipal. A proposta de Vivenda supón a cesión ao Concello de 124.145,56 metros cadrados de solo neto urbanizado de uso industrial-comercial a cambio de 1.413.722 metros cadrados de solo rústico, cando estes sexan de titularidade municipal, que ten un valor de mercado de 11.875.265 euros. Esta cantidade equivale ao prezo que o Ministerio de Defensa atribúe aos terreos coa correspondente actualización do IPC dese xuño de 2004, data da sinatura do convenio entre ministerio e concello.

O Consello da Xunta tamén declarou de utilidade pública e interese social o desenvolvemento do parque empresarial das Gándaras así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios pola vía da expropiación. Neste senso a Consellería xa ten redactado o proxecto de expropiación do resto dos predios afectados, 700.000 metros cadrados que están en mans de particulares. A previsión é que este procedemento se estenderá ao longo de 8 meses.

Por outra banda, a consellería tamén ten redactado o prego técnico do concurso para adxudicar o movemento de terras, no cal se inclúe que as empresas que concorran teñan un tipo de maquinaria específica que permita facer coa maior rapidez este traballo nun intento deste departamento de apurar ao máximo os prazos.

A Consellería de Vivenda e Solo considera estratéxico o parque empresarial das Gándaras, pola súa situación no país e polo seu carácter de plataforma loxística que permitirá a instalación de grandes empresas, co conseguinte desenvolvemento

económico e creación de postos de traballo. O seu carácter estratéxico queda reflectido nos orzamentos de 2007 cunha partida orzamentaria de 15.503.464 euros.

O parque empresarial das Gándaras ocupará unha superficie total de 2,2 millóns de metros cadrados, dos cales 429.000 serán de uso industrial, case 400.000 de uso mixto, 261.000 de uso terciario, 43.719 irán destinado a equipamentos, 387.000 a zonas verdes e, finalmente, 576.793 destinaranse a espazos viarios e aparcadoiros.

O investimento total previsto ascende a 75 millóns de euros. Será un parque multifuncional e loxístico xa que albergará empresas de diversos sectores produtivos e ademais disporá dunha estación ferroviaria de mercadorías ao pé do propio parque que o converte nunha plataforma loxística. Ademais a súa situación é idónea xa que está a carón do núcleo urbano e conta cun acceso óptimo á autovía A 6.

## A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA O PARQUE EMPRESARIAL DE BAAMONDE-BEGONTE

- A Consellería de Vivenda e Solo redactará o proxecto de urbanización cun investimento de 91.810 euros no prazo de dous meses
- O departamento expropiará todos os terreos necesarios para o desenvolvemento desta actuación de solo produtivo cun investimento previsto de 3,7 millóns de euros. O investimento total ascende a 20 millóns de euros.

O Consello da Xunta aprobou o proxecto sectorial do parque empresarial de Baamonde-Begonte. Rematada a tramitación, a consellería procederá a adquirir os terreos necesarios para o desenvolvemento desta actuación de solo produtivo mediante un expediente de expropiación, para o cal investimento previsto ascende a 3,7 millóns de euros. Ao mesmo tempo, o departamento autonómico iniciará a redacción do proxecto de urbanización, para o cal destina unha partida de 91.810 euros. Este documento estará rematado no prazo de dous meses.

A Consellería de Vivenda e Solo investirá 3.750.632 euros no parque empresarial de Baamonde-Begonte no ano 2007. Esta partida dos orzamentos vai destinada ao proxecto sectorial, proxecto de urbanización e á adquisición do solo necesario. Posteriormente procederase á contratación das obras de urbanización.

O investimento total previsto pola Consellería de Vivenda e Solo para a construción deste parque ascende a 20 millóns de euros. O futuro parque empresarial de Baamonde-Begonte está integrado no Programa Galicia Suma, xa que se trata dun proxecto estratéxico pola súa situación no país e polo seu carácter de plataforma loxística que permitirá a instalación de grandes empresas, co conseguinte desenvolvemento económico e creación de postos de traballo.

### Características do parque

O parque empresarial de Baamonde-Begonte contará cunha superficie total de 1.070.585 metros cadrados dos cales 681.871 serán de uso empresarial, 43.433 metros cadrados de uso social e deportivo, outros 147.890 metros cadrados destinados a zona verde e o resto para vías, infraestruturas, servizos e aparcadoiros.

Contará con 44 grandes parcelas, entre 8.400 e 90.990 metros cadrados, que irán destinadas a empresas e industrias grandes. A situación do parque de Baamonde-Begonte, entre a A-6, a futura Autovía do Cantábrico A-8 e a N-634, é unha das características que o fai atractivo para a instalación deste tipo de empresas, que precisan de enlaces coas principais vías de comunicación do país para o transporte das súas mercadorías.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE-VIVEIRO

- O investimento total previsto pola Consellería para este parque é de 3,2 millóns de euros, dos cales 28.743 euros van destinados ao proxecto de urbanización
- A consellería é xa titular do 70% dos terreos necesarios para desenvolver esta actuación, o 30% restante serán adquiridos mediante expropiación
- Terá unha superficie de 130.446 metros cadrados

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe o Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Landrove-Viveiro. Con este último paso queda rematada a tramitación deste proxecto e a consellería pode xa iniciar o expediente de expropiación do 30% dos terreos que restan por adquirir. Este departamento autonómico ten reservada unha partida económica de 295.000 euros nos orzamentos de 2007.

A consellería comezará agora a redacción do proxecto de urbanización para o cal destinará un investimento de 28.743 euros. O documento estará rematado no prazo de 5 meses.

O investimento total previsto para o desenvolvemento deste parque ascende a 3,2 millóns de euros, dos cales 1,4 millóns de euros serán investidos no 2007. O Parque Empresarial de Landrove terá unha superficie de 130.446 metros cadrados dos cales a consellería ten xa adquirido o 70% cun investimento realizado de 973.350 euros.

Do total da superficie deste parque, 84.394 metros cadrados serán de uso empresarial, 2.600 metros cadrados de uso social e deportivo, 16.347 metros cadrados irán dedicados a zona verde e os 27.000 metros cadrados restantes serán para vías e aparcadoiro.

Con esta actuación a Consellería de Vivenda e Solo quere dar unha resposta ás demandas de solo produtivo que formulan as empresas, de tal xeito que ningunha firma deixe de instalarse en Galicia por falla de solo empresarial de calidade e competitivo, ademais de contribuír á cohesión territorial, á xeración de riqueza e á creación de postos de traballo.

## POLÍTICA TERRITORIAL DÁ CONTA DE OBRAS DE EMERXENCIA EN ESTRADAS DE PONTEVEDRA AFECTADAS POLAS CHOIVAS DE OUTUBRO E NOVEMBRO POR UN IMPORTE DE 2,9 MILLÓNS DE EUROS

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia de diversas obras que se están a emprender en estradas da provincia de Pontevedra que se viron afectadas polas choivas de outubro e novembro. A estas obras destináronse 2,9 millóns de euros, que se engaden ás actuacións tamén de emerxencia de que xa se deu conta en anteriores reunións do Consello da Xunta.

As actuacións declaradas de emerxencia pola CPTOPT das cales hoxe se deu conta inclúen actuacións diversas como son, entre outras, a reposición de pavimentos, reposición e estabilización de noiros e terrapléns, limpeza de foxos e bueiros e reconstrucións de muros de contención.

Estas obras foron ou están sendo levadas a cabo en diversos puntos quilométricos dunha decena de estradas da provincia de Pontevedra. Entre as actuacións de que agora se dá conta se atopan, entre outras, diversas estabilizacións de noiros en estradas da península do Morrazo, tanto no corredor como no resto da rede viaria, cun orzamento duns 2 millóns de euros. Tamén adícanse 425.000 euros a reparacións no ramal Cambados-Vilagarcía de Arousa da Vía do Salnés, 140.000 euros á restitución do terraplén do punto quilométrico 39,120 da estrada PO-400 Salvaterra-Filgueira e 120.000 euros á reposición de noiros e limpeza de foxos nas estradas PO-325 e PO-552 que comunican Vigo con Baiona e A Guarda, entre outros traballos.